



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASISTENCIA PLENO 240201:

Presidente:

Don José Muíño Domínguez

Concelleiros:

Don Carlos Allo Cundíns
Dona Sheila Recarey Varela
Dona Begoña Torrado Lema
Dona Sandra Méndez Blanco
Dona Sandra Redondo Fernández
Dona Tatiana Rellán Castro
Dona Alba Villar López

Ausencias:

Don Marcos Lois Costa
Dona Sonia Sande Lista
Don Borja Andrade Montes

Secretaría:

Dona María Garrote López

Intervención:

Dona Patricia Chas Filgueiras

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (240201)

No Concello de Cabana de Bergantiños, o dous de febreiro de dous mil vinte e catro, ás vinte horas e catro minutos, reuníronse no salón de sesións habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don José Muíño Domínguez, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver a sesión **ordinaria** do Pleno, en base a Orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

O alcalde escusa a ausencia dos relacionados á marxe.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

Primeiro.- Aprobación das actas do pleno da corporación de 19 de outubro de 2023, de 30 de novembro de 2023 e de 22 de xaneiro de 2024

Sometida as actas á consideración do Pleno este a aproba por unanimidade dos presentes as actas sen corrección algunha.

Segundo.- Solicitud do Plan provincial ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS+2024" (2023/A008/000038).

Consta ditame favorable da Comisión Informativa.

PROPOSTA

APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2024"

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS +2024" publicadas no BOP A Coruña nº 227, de 28 de novembro de 2023.

Vista a Circular da Deputación da Coruña na que se indica que a este concello lle corresponde a través do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2024a seguinte asignación:

Achega provincial 2024	Achega provincial 2023	TOTAL POS + 2024
234.440,03	181.810,64	416.250,67

Tendo en conta o anterior decidiuse investir a cantidade de **177.829,67 €** en proxectos de obra, **177.084,54 €** en gasto corrente e **61.336,46€** en redución de débeda..

Visto o Plan.

Vistos os proxectos que se pretenden incluír no dito plan:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Proxecto de Reparación de estradas municipais: Briño-Campo da Festa, Briño-Dombate, Río Fornelos-Zas, acondicionamento exterior Escola Unitaria O Esto, Folgoso Capela, Borreira, Millán, Beres, Eirita, Ternande.

Considerando o anteriormente exposto, vista e coñecida a totalidade da documentación do expediente, propónse o Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	177.084,54€
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga)	Total Concello	



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

			potable)		
REPARACION DE CARRETERAS MUNICIPALES: BRIÑO-CAMPO DA FESTA, BRIÑO-DOMBATE, RIO FORNELOS-ZAS, ACONDICIONAMIENTO EXTERIOR ESCUELA UNITARIA O ESTO, FOLGOSO CAPELA, BORREIRA, MILLAN, BERES, EIRITA, TERNANDE	177.829,67€				177.829,67€
Subtotal investimentos achega provincial 2023	177.829,67€				177.829,67€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboa.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	57.355,49€
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	3.980,97€
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	61.336,46€

D)

Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	177.084,54€				177.084,54€
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024					
	Achega 2023	177.829,67€				177.829,67€
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO	Achega 2024	57.355,49€				57.355,49€
	Achega 2023	3.980,97€				3.980,97€



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

COA DEPUTACIÓN						
D- TOTAL	Achega 2024	234.440,03€				234.440,03€
	Achega 2023	181.810,64€				181.810,64
	TOTAL	416.250,67€				416.250,67€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Proyecto constructivo de la obra: Red de saneamiento en O Burgo. Concello de Cabana de Bergantiños	64.945,02€		64.945,02€
Proyecto constructivo de la obra: Red de saneamiento en Ures. Concello de Cabana de Bergantiños	92.416,36€		92.416,36€
TOTAIS	157.361,38€		157.361,38€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e



xeestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O ALCALDE.ASDO. JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZ DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

A continuación prodúcese o debate:

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, indica: Non entendo a necesidade inmediata de reducir a débeda porque a deputación non o esixe nestes momentos.

Podemos destinalo a obras ou a gasto corrente.

En obras p.e. á pista de Barcia a Os Carballás ou no acceso a Rebordelo.

Analizando as obras de estradas vexo que se vai facendo a anacos, non pistas enteiras.

A obra do Burgo non finaliza na última casa, parece que queda fora. O veciño vai ter que facer unha importante obra.. Por que finaliza aí?

En Ures, por que só ese tramo? É un tramo pequeno. As casa de A Arnela xa teñen saneamento? Ou onde acaba o saneamento?

O alcalde contesta: O tema da débeda fixéronnos a recomendación dende intervención.

Eso ven dun plan da deputación que consideramos que nos beneficiaba. Había un acordo político de que non se ía a devolver pero agora a están reclamando.

Así se nos recomendou desde e intervención e interesa devolvela.

Barcia-Os Carballás esta incluída en AGADER deste ano. Fíxose un tramo. As obras de AGADER son dous anos e hai unha parte que aínda non se executou.

Sobre o tema do Burgo os planos son a escala 1/1000 ou 1/2000 penso que entra a casa. Se hai demanda levámoslle o servizo á porta pero eso non son modificacións de obra.

En Ures o máis caso era facer a depuradora.

O alcalde comenta a ora e indica que máis adiante se continuará a rede cara arriba.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: Estiven mirando que en Ures se acaba antes. Non vai a onde debería chegar.

Eso fai que quede sen servizo o sector hotelero e hai un problema.

O alcalde contesta : as primeiras casas xa teñen solucionado ese problema. Teñen fosa.

O servizo vaise dar por arriba. En principio esas casas non demandas o servizo. Priorizouse a depuradora que é o importante.

Dona Tatiana Rellán Castro, indica que se hai casas que demandan o servizo a obra será máis cara.

O alcalde contesta: Todas as obras teñen un 10% que podemos incrementar.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Hai máis metros de tubería, hai que abrir zanjas..Seguimos sen entender por que se fai por anacos e non hai unha planificación.

O alcalde contesta: A nós nos asesora o equipo que leva o abastecemento e saneamento.

O máis económico a medio e largo prazo é a depuradora. Os bombeos fallan e ó final e resultan máis caros.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: A depuradora para cantas casas está preparada?

O alcalde contesta: 20,30, non sei. tería que miralo. Non quero meter a pata. Está en función das parcelas do PXOM.

A continuación os concelleiros votan co resultado que se indica ó final deste punto.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Dona Tatiana Rellán Castro sinala se se absteñen porque non están de acordo cos máis de 60.000€ de redución de débeda, porque non se tivo en consideración ós veciños e pola falta de planificación.

O alcalde contesta que non se fai nada sen contar cos veciños e que o sentido do voto o teñen que explicar antes da votación.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este a aproba por cinco votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sandra Méndez Blanco) e tres abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, dona Sandra Redondo Fernández, e dona Alba Villar López)

Terceiro.- Solicitud de Plan+ Adicional 1/2021 para gastos extraordinarios do exercizo 2024. (2023/A008/000040).

Consta Ditame favorable da Comisión informativa.

PROPOSTA DA ALCALDÍA: APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2024

O Pleno da Deputación Provincial aprobou en data 24/11/2023 as bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2024, incluíndo unha achega extraordinaria para o financiamento de gastos sociais, asignando ao Concello de Cabana de Bergantiños o total de 66.982,87 €

Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO .- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL /2024	66.982,87 €				
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do			0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.					
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	20.000,00 €		20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios,	20.000,00 €		20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------	--	-------------	-------------	--------



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	6.982,87 €		6.982,87 €	6.982,87 €	0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais	20.000,00 €		20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.					
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser	66.982,87 €	0,00 €	66.982,87 €	66.982,87 €	0,00 €



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

aplicado en calquera apartados anteriores na xustificación					
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	66.982,87 €	0,00 €	66.982,87 €	66.982,87 €	0,00 €
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES				66.982,87 €	
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)				0,00 €	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)				0,00 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)				66.982,87 €	

SEGUNDO.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O AlcaldeAsdo. José Muiño Domínguez.Documento asinado dixitalmente

A continuación prodúcese o debate:

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Entendemos que se destinen gastos da Deputación a este tema social xa que os cartos da Xunta non chegan.

O alcalde explica: Xa sabedes que os gastos son estimativos, son aproximacións.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este a aproba por unanimidade dos presentes.

Cuarto.-

Recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2021(2024/X999/000033)

Consta ditame favorable da Comisión informativa.

O alcalde le a proposta:

PROPOSTA

EMENDA AO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE DATA 29 DE XANEIRO DE 2024 RELATIVO AO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 1/2024

En data 29 de xaneiro de 2024 sométese a dictame da comisión informativa de facenda a proposta de aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito nº



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

1/2024 advertíndose posteriormente erro ao incluír unha factura sen conformar respecto da que procedía a súa devolución, a saber:

Nº de Documento Fecha Dto. Importe Total Nombre Texto Explicativo Programa Eco.
1230609062 14/12/2023 185,64 € SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES Concerto Banda da Balbina 334 22799

Así, en virtude do art. 97.5 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propónse ao Pleno a seguinte emenda ao dictame da Comisión informativa de Facenda:

Primeiro. Correxir o erro detectado na proposta, que quedaría redactada do seguinte xeito:

“Examinado o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2024 por importe de 227.967,78 €, incoado en aplicación do disposto no artigo 60.2 do RD. 500/1990, de 20 de abril.

Tendo en conta que unha eventual anulación a través dun procedemento de revisión de oficio resultaría carente de utilidade en canto que o que dela se derivaría non sería outra cousa que posibilitar a apreciación da existencia dun enriquecemento inxusto, por tratarse de prestacións efectivamente realizadas, con prezos axustados ao mercado, e realizadas en beneficio desta Entidade Local.

Visto que o artigo 110 da lei 39/2015, do 1 de outubro, limita a revisión de oficio cando o seu exercicio resulta contrario a boa fe e aos dereitos de terceiros, considérase axeitado canalizar a aprobación dos presentes gastos a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto o informe de Intervención que obra no expediente, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo formulado pola Intervención en uso das competencias atribuídas no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e tomar coñecemento do informe de omisión da función interventora, continuando ca tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 1/2024 dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2024 por importe de 227.967,78 € según o detalle anexo.” (as facturas do anexo insértanse ó final da acta)

O ALCALDE JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZ DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

A continuación prodúcese o debate.

O alcalde comenta que houbo un erro ó incluír unha factura e que agora xa está correxido.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia indica: Entendemos que do total, 63.009,61 € non se fixo segundo a normativa e 130.362,05 € non cumpren a tramitación...é do informe de intervención.

Antes das eleccións saíron obras e excursións sen tramitación. Entendemos eso pero hai unha factura que non imos pasar por alto, é a Comida dos Maiores.

Os maiores merecense a comida, merecense todo pero se fixo a comida antes das eleccións por 20.460€ e se queren xustificar como gastos protocolarios. É un insulto á intelixencia porque non son gastos protocolarios.

Limos o informe de intervención e fixemos as preguntas á interventora.

Se o aprobamos é unha ilegalidade. Temos unha proposta: que se quite deste expediente e votaríamos a favor.

O alcalde contesta: Parece que escoitándote a ti se fan as cousas ilegais e de forma irregular.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Non hai un concello sen reparos, sen recoñecementos extraxudiciais.

Podemos falar desta factura.

A Festa dos Maiores nace no noventa. Unha das cousas que se dispuxo foi que se fixera sempre na mesma data, o domingo de piñata. No pavillón poñíase a alfombra e xa valía para a festa.

Estivo así moitos anos pero escoitamos á xente maior. A xente pasaba frío e nos pediron que se cambiara a data. Dende entón a data foi sempre en maio. Viñémolo facendo moitos anos.

Cal é o problema? Todos os concellos da volta fan a festa. As empresas de catering non che dan a data e as veces tes que variar.

Non é nada raro, non é ilegal, nin por as eleccións.

Sempre se fai nesas datas salvo polo COVID.

Non cambiamos nada, non se fixo nada.

Á xente lle gusta. Ninguén vai votar en función da festa. É un punto de encontro onde a xente de ve.

O do capítulo de protocolo pois non me meto.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Non se me entendi ben.

Todo o que se faga é pouco para os maiores.

Se me dis que sempre é en maio, tíñase que ter licitado.

A Alcaldesa de Vimianzo foi criticada por contratar a unha empresa de fora.

O procedemento está mal feito. Hai que facer as cousas como se teñen que facer. Con previsión si se pode facer correctamente.

Non se pode aprobar algo que está mal feito.

Como gastos protocolario debía figurar o número e a identidade dos asistentes.

Os procedementos teñen que ser os máis adecuados posibles.

O alcalde sinala: O problema é o día a día. Vimianzo tivo un montón de problemas e cambiou a forma de actuar.

Indica que se presentan empresas de lonxe, que non coñecen o sitio, logo non veñen e hai problemas.

O alcalde continúa:

Non hai enriquecemento ilícito. Intentouse facer o mellor para os veciños e para a xente.

Sometida a proposta a consideración do pleno, este a aproba por cinco votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sandra Méndez Blanco) e tres votos en contra (dona Tatiana Rellán Castro, dona Sandra Redondo Fernández, e dona Alba Villar López)

Quinto.-

Dación de conta das resolucións de alcaldía ditadas do 25 de novembro de 2023 a 26 de xaneiro de 2024.

Os concelleiros quedan decatados das resolucións e do contido das mesmas.

Sexto.- Mocións de urxencia.

Non se presentan.

Sétimo.-

Rogos e preguntas.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Dona Tatiana Rellán Castro presenta un rogo: A marquesiña de San Fins. Está destrozada e quedan restos. Existe a posibilidade de que un neno se faga dano.

O alcalde contesta: Estamos intentando descubrir o que pasou. Nin aparece o coche nin que é. É para facer o peritaxe e que pague o responsable a marquesiña.

A concelleira di que é un perigo cortarse.

O alcalde di que si, que ten razón e se mirará..

Dona Sandra Redondo Fernández pregunta: O cable que hai no cemiterio de San Martiño.

Don Carlos Allo Cundíns contesta: Está o burato feito.Está Collazo para poñelo.

Dona Sandra Redondo Fernández sinala: Gustaríanos ver un pouco de avance.É unha zona na que pasan tractores.

O alcalde contesta: É certo. O de sempre, as empresas andan a cen.

Dona Sandra Redondo Fernández di:Insistide.

O alcalde resposta: Si,por seguridade.

Dona Alba Villar López pregunta pola estrada de Frinle.

O alcalde contesta: Ó construtor ninguén se lle queixou pero hai moitas tapas de formigón e van meterse de fundición.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Como van os traballos de emisión dos plenos?

O alcalde contesta : A Deputación está avisada. En canto a Deputación o faga, é lenta.

A idea é a implantación da videoacta.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Por que se merca o gasoil en Pazos e non en Cabana?

O alcalde contesta: O lóxico é buscar o mellor prezo. Cando mercamos pedios prezo a Pazos e a Nantón.Non, Carlos?

O concelleiro responde que si.

O alcalde continua: A de Cabana dixo que non quería ofertar prezo, que non lle interesa.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Os presupostos para o 2024?

O alcalde contesta: Gustaríame que fosen en xaneiro. Supoñen un esforzo sobre todo para a xente que está en intervención.

Farémolo, é cuestión de carga de traballo.

A concelleira sinala: En todas as administracións hai falta de persoal.

O alcalde contesta: En Cabana hai menos persoal.

Dona Tatiana Rellán Castro di: A dirección política ten que establecer prioridades. Os orzamentos evitaríanos dolores de cabeza.

O alcalde contesta: Si, pero somos o segundo concello da Costa da Morte no pago de facturas e tramitamos subvencións complicadas con fondos europeos.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Saber que tal en FITUR. En calidade de que acudiu a FITUR? Como alcalde ou pola CMAT?

O alcalde contesta: Por responsabilidade política. Estou na directiva da CMAT.

Ó estar na directiva é a miña obriga. Fun como representante do concello e representante da directiva da CMAT.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: As dietas as paga a CMAT?

O alcalde contesta: Non. A CMAT non ten fondos.

Entreí na CMAT porque son alcalde. Todos os alcalde van coas dietas do concello.

A concelleira sinala que a Cabana nin lle vai nin lle ven.

O alcalde sinala: Fálase da comarca. FITUR é tan grande que non se pode falar so dun pobo. Hai que vender a marca que é Costa da Morte.

Dona Sandra Redondo Fernández indica: Dentro do conglomerado pódese facer fincapé en pequenas zonas. Eu fun a FITUR

O alcalde resposta: Véndense paquetes. Está Cabana, está Fisterra...

Dona Sandra Redondo Fernández pregunta: Que se vendeu desta comarca, de Cabana?

O alcalde di: O vídeo ten 30.0000 reproducións.

Cada ano hai unha especialización .Este ano foi o starlight.

No turismo é moi importante ter marca e nós a temos. Asturias p.e vai máis retrasada.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Compartimos que os localismos en turismo non se deben dar pero si se debería dicir máis de Cabana.

Creo que temos un dos concellos máis bonitos da Costa da Morte a xente non o sabe.

Dona Sheila Recarey Varela contesta: A xente o sabe.

Dona Tatiana Rellán Castro di: A xente de FITUR coñece a Costa da Morte pero non Cabana.

Creo que hai que mellorar. A páxina de turismo está moi anticuada.

O alcalde di: Estamos coa empresa neso.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Tes que vender unha marca pero dentro da marca temos que pelexar polo noso.

Turísticamente Cabana necesita unha elevación enorme.

A xente de aquí o sabe. O paseo, pasear por medio de Canduas..

A nivel patrimonial temos un patrimonio enorme.

Queremos saber se se falou con algunha empresa, con alguén do sector hotelero.

O alcalde contesta: Sorpréndeme que digas que o concello de Cabana non está recoñecido. Cada vez hai máis xente que ven de fora.

Onde decidiu o Bloque o comezo de campaña? En Cabana.

Quen goberna turismo en deputación é o Bloque, é Regueira. E xa preguntei polo Anllóns.

A deputación é un monstruo moi grande e vai moi lento.

O ano pasado pasaron polo albergue 3000 persoas. Algo faremos ben.

A Casa do Pendón está a usarse.

O entorno do Anllóns. O paseo foi unha ferramenta para que a xente salga. Non se pode ser tan negativo.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Cantos albergues hai na Costa da Morte?

O alcalde contesta: So este.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Por eso veñen 3.000.veñen porque é o que hai.

O alcalde sinala: Pero é unha xestión municipal.Os que veñen , repiten.

Cando veñen os nenos ven que é seguro, tranquilo. O entorno é bo.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Dona Tatiana Rellán Castro di. Somos moi conscientes. Un dos nosos presentou un proxecto e se tirou.

Eu e a miña irmá viñemos e chamáchesnos ilusas.

O alcalde contesta: Non me acordo. Eu non chamo a ninguén iluso.

Dona Tatiana Rellán Castro indica: Nos estamos conformando.

O alcalde sinala: Polo albergue veu moita xente con powerpoint.

Fomos a unha licitación pública e non se presentaron. A xente quería probar por un ano e ver como ía.

Cando hai que facer inversión e poñer diñeiro é outra cousa.

Dona Tatiana Rellán Castro indica: Insistimos en que a páxina web é moi antiga. Queremos un turismo sostible e de calidade.

Dona Sandra Redondo Fernández pregunta: Algún hotel, restaurante se interesou?

O alcalde resposta: Pódoche contar mil historias. A CMAT ten unha parte pública e outra privada. Na privada está "Apetéceme". A iniciativa privada é a que está tirando e así o debe de facer."Apetéceme" é o tractor do sector.

Indica que cre que fixeron reunións.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde da por terminado o acto, ás vinte e unha horas e once minutos do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.

ANEXO : RELACIÓN DE FACTURAS SELECCIONADAS.



RELACIÓN DE FACTURAS SELECCIONADAS

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros		
				Año Proyecto	Org.	Prog.	Econ.		RC,A,D	Importes		Conceptos Descuento	Importes
										Euros			Euros
F/2023/857 23/06/2023	B15361934 CONSTRUC. DAMASO FERREIRO E HIJOS, S.L. Obra: "REPARACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS: SEIXOSO-TERNANDE, PEDRACUCA, A BALSA-ESMORÍS" (POS AD 2/2020). Certificación L	1 000013 21/06/2023	Contabilizada	2023 Otr.inver.reposic.infraes	453	61900		3.350,41			3.350,41		
